



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Intervención

Aprobación provisional da modificación da O.F. nº 2 reguladora do imposto sobre bens inmobles

EDICTO

A efectos do disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais, ponse en coñecemento xeral, que na Intervención Xeral deste Concello, atópase exposto ao público o expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 2 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Aprobado provisionalmente o expediente polo Concello Pleno en data 30 de outubro do presente ano, os interesados lexitimados, segundo o disposto no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral deste Concello, no prazo de trinta días a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido o prazo sen presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o presente acordo.

Narón, 31 de outubro de 2025

A Alcaldesa,

Asdo. Marián Ferreiro Díaz

2025/7171